



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Colexio de educación infantil e primaria
Sada y sus Contornos

Avda. Sada y sus Contornos s/n
15160 SADA A CORUÑA
Tífono e Fax 981 620 337
Correo electrónico: ceip.sada@edu.xunta.es
Páxina web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsada/>

galicia

Circular núm. 15 (Curso 14-15)

Festa do Nadal

O venres, día 19, rematan as clases do primeiro trimestre do actual curso. Ese día terá lugar a tradicional festa do Nadal no colexio. Este ano proxectaremos no Albergue cine de Nadal para os alumnos do centro. Posteriormente ás 12,30 horas teñen prevista a chegada dos Reis Magos de Oriente que recibirán aos alumnos. Para estas festas das aulas pídesse a colaboración das familias aportando unha pequena cantidade de alimentos propios destas datas. A Asociación de Nais e Pais As Mariñas colabora aportando as bebidas.

Vacacións de Nadal

Despois do período de vacacións de Nadal as clases reiniciaránse o xoves 8 de xaneiro. A volta será xa nas nosas instalacións habituais unha vez rematadas as obras de ampliación do centro. Está prevista unha xornada de portas abertas para convidar á comunidade educativa a coñecer as novas instalacións, no momento en que se concrete a data comunicárase.

Os alumnos de educación infantil e de 1º e 2º cursos de educación primaria trasladaranse ás dependencias do novo aulario. O primeiro día indícarase a porta pola que deberán acceder, xa que os de infantil entrarán por unha e os de primaria por outra. **Lémbrese a normativa no referente ás entradas e saídas:**

Ás 8,55 abrírase o portal de entrada do centro e os alumnos accederán as aulas onde estará o profesorado que lles impartirá clase a primeira hora. Ás 9 iníciase as clases permanecendo o portal de entrada aberto uns minutos de cortesía ata as 9,05, hora na que se pechará para non interrompír o normal inicio da actividade lectiva. Quen vaia chegar despois desa hora deberá advertilo previamente ou xustificar debidamente o motivo do retraso, en caso contrario non se poderá acceder ao centro ata as 9,55, hora de inicio da segunda clase. **Non se permite o acceso das familias sen autorización ao interior dos edificios.**

Ás 14 horas, hora de saída, o portal do centro abrírase 5 minutos antes das 14:00 horas para facilitar a saída dos alumnos de educación infantil e 1º e 2º cursos de primaria.

Traslado das dependencias.

Durante as vacacións de Nadal terá lugar o traslado do mobiliario e equipamento didáctico desde o Albergue ao noso colexio. Para facilitar este traslado durante esta semana os alumnos irán levando o seu material para os domicilios, que volverán a traer para o colexio a partir do 8 de xaneiro. Infórmase que co traslado da actividade lectiva ao noso centro remata tamén o servizo de transporte escolar que funcionou durante o primeiro trimestre deste curso.

Recollida solidaria de alimentos.

Os efectos da crise seguen causando carencias do máis esencial e básico en moitas persoas e familias. Ao igual que viñemos facendo en cursos anteriores queremos promover unha iniciativa solidaria desde o colexio. Trátase de realizar unha recollida de alimentos durante os días 18 e 19 de decembro que irá destinada a dúas organizacións sen ánimo de lucro, concretamente a Cáritas e Cruz Vermella de Sada, para así axudar a pasar mellor este Nadal a persoas que necesitan da solidariedade de todos.

Bo Nadal

O Claustro de profesores, a Asociación de Nais e Pais As Mariñas e a dirección do centro queren transmitir a todas as familias o desexo dunhas felices festas e Aninovo 2015.

Sada a 16 de decembro de 2014.



O DIRECTOR

Asdo. Miguel Gayoso Barreiro

	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O. U. C.E.I.P. Sada y sus Contornos Sada - A Coruña
Data:	16 decembro 2014
Número:	55
S A Í D A	